

Informe - proposta

A Liquidación do Orzamento do Concello de Ferrol para o exercicio 2017 foi aprobada mediante decreto da Alcaldía de 11/04/2018.

Advírtese erro material na parte expositiva en concreto nas datas de aprobación do ano 2017 da incoación do procedemento, do informe de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do informe de cumprimento da regra de gasto e do informe da Intervención, cando estes documentos foron emitidos o mesmo día e mes do ano 2018 que se recollen no decreto de aprobación, feito que se puxo de manifesto na Comisión Especial de Contas na sesión de data 17/04/2018, ao dar conta da aprobación da Liquidación.

O artigo 109.2 da Lei 39/20172015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que: *"As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos."*

De acordo co exposto propóñolle que adopte a seguinte resolución:

Rectificar o decreto da Alcaldía de 11/04/2018 polo que se aprobou a Liquidación do Orzamento do Concello de Ferrol para o exercicio 2017 no senso seguinte:

Onde di: *"Visto que coa data 12 de marzo de 2017 se incoou o procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2017.*

Visto que coa data 15/03/2017 se emitiu o Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa data 15/03/2017 se emitiu o Informe de avaliación da regra de gasto.

Visto que coa data 15/03/2017 foi emitido o informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto refundido da Lei de facendas locais."

Debe dicir: *"Visto que coa data 12 de marzo de 2018 se incoou o procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2017.*

Visto que coa data 15/03/2018 se emitiu o Informe de avaliación do cumprimento do

obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa data 15/03/2018 se emitiu o Informe de avaliación da regra de gasto.

Visto que coa data 15/03/2018 foi emitido o informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto refundido da Lei de facendas locais."

Ferrol, 17 de abril de 2018.

A interventora accidental


Anabel Corral Corral



D e c r e t o

Aprobo a proposta precedente nos seus propios termos.

Así o manda e asina o alcalde-presidente do Concello de Ferrol, na Casa do Concello o día 18 de abril de 2018, do que, como secretario xeral, dou fe


O alcalde

Jorge Juan Suárez Fernández

Ante min
O secretario xeral


Leopoldo Tomás Moure Garcia